

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 12 DE ABRIL DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

LEIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Proxecto de Lei de vivenda de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da mellora da intersección na AC-424, p.q. 1 + 550 coa DP-6803. Acceso de Balarés, no Concello de Ponteceso.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada autonómica LU-130 a prol do Concello de Mondoñedo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba a Instrución pola que se regula a experiencia piloto de flexibilidade horaria e teletraballo nos servizos centrais da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e Ferrocarriles Españoles de Vía Estrecha (FEVE), sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de emerxencias e protección cidadá.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Ribadeo, para a execución da 1ª fase do Plan Director de Rinlo: urbanización e mellora do parque de Santa Catalina, por importe de cento corenta mil catrocentos vinte euros (140.420,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a adaptación das institucións universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior, por un importe total de catrocentos cincuenta e cinco mil setecentos setenta e seis euros con corenta e un céntimos (455.776,41 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de execución do Plan de acreditación dixital do empregado público (Proxecto Kronos).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o pagamento a provedores.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe anual de seguimento da actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a calidade da auga de consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2011.

O PROXECTO DE LEI DE VIVENDA REMATA A TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA COA SÚA APROBACIÓN POLO CONSELLO DA XUNTA E SERÁ REMITIDO AO PARLAMENTO A VINDEIRA SEMANA

- *O obxectivo principal do proxecto de lei é garantir o acceso dos cidadáns á vivenda con maior protección, transparencia e seguridade xurídica*
- *Regúlase a cantidade máxima que se pagará como reserva de vivenda no 1% do prezo*
- *Prohíbese impoñer ao comprador os gastos de escritura de obra nova, división horizontal e cancelación de cargas*
- *Créase o Rexistro de Promotores, de obrigada inscrición, para garantir unha maior transparencia e información ao usuario*
- *O proxecto de lei protexe os dereitos dos adquirentes de vivendas de boa fe afectados por actuacións administrativas declaradas ilegais e que implican a demolición. O titular terá dereito a residir na súa vivenda ata que se estableza a correspondente indemnización*
- *O texto establece novas modalidades de vivenda protexida de promoción pública adaptadas ás novas demandas e necesidades dos cidadáns, como é o caso da copropiedade ou as vivendas de inserción*
- *Regúlase a posibilidade de aprazar o pagamento dunha vivenda de promoción pública en circunstancias económicas especiais, así como o aluguer con opción de compra*
- *Regúlase por primeira vez e con claridade a expropiación para garantir dereitos sociais no ámbito da vivenda protexida, a accesibilidade e a rehabilitación*
- *Regúlase o solo reservado para vivenda protexida establecendo non só a súa porcentaxe, senón tamén o tipo de vivendas que se van construír, tendo en conta os datos do Rexistro de Demandantes, para que as ofertas se axusten á demanda*
- *O proxecto de lei, que será remitido de inmediato ao Parlamento, é froito dun amplo consenso de todos aqueles sectores que teñen algo que dicir respecto da regulación do sector da vivenda*

A tramitación administrativa do anteproxecto de Lei de vivenda rematou hoxe coa súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia para a súa remisión ao Parlamento a vindeira semana, o que fará posible a súa entrada en vigor nesta mesma lexislatura.

Este proxecto de lei, de cuxo contido foi informado o Consello da Xunta a finais de xuño pasado, antes de ser sometido ao procedemento de información pública, regulará o sector. O Goberno galego prevé que esta normativa entre en vigor nesta mesma lexislatura.

Hai que ter en conta que a actual Lei de vivenda se redactou nun momento de apoxeo do mercado inmobiliario pero, á vista da caída do sector no referente tanto á construción de vivendas, descenso das vendas e as dificultades para acceder ao

financiamento e a caída das hipotecas, facíase imprescindible regular esta actividade cunha normativa adaptada a esta nova situación.

Os obxectivos fundamentais do proxecto de Lei de vivenda son mellorar as condicións de acceso á vivenda por parte dos cidadáns, eliminando trabas e obstáculos, e proporcionando maior seguridade xurídica, protección e transparencia. O outro obxectivo fundamental desta normativa é artellar medidas para reactivar o sector.

Protección de adquirentes e usuarios de vivendas

A protección dos consumidores é parte fundamental do contido do proxecto de Lei de vivenda, co obxectivo de que o adquirente ou usuario dunha vivenda coñeza claramente os seus dereitos, as características do ben que adquire ou arrenda, e as posibilidades de actuación ante calquera cuestión que infrinxa os seus dereitos como consumidor.

En tal sentido delimítase, dende unha perspectiva cronolóxica no proceso de construción e entrega dunha vivenda, un triplo nivel de protección, diferenciando a fase precontractual, a de proxecto e construción, e a da vivenda rematada

Con tal fin, régúlase a publicidade e a información na oferta de vivendas, así como a documentación que entregarán os promotores na venda de vivendas, tanto en construción como rematadas e a obriga de que a construción responda ao proxecto.

Regúlase a cantidade máxima a que se pagará como reserva de vivenda, que se fixa no 1% do seu prezo; prohíbese impoñer ao comprador de vivenda os gastos de escritura de obra nova, división horizontal e cancelación de cargas; e prohíbese que se poida condicionar a venda dunha vivenda protexida coa imposición da adquisición de bens que non están vinculados a ela na cualificación, como segundas prazas de garaxe ou participacións en locais comerciais.

Finalmente, o proxecto de lei protexe os dereitos dos adquirentes de vivendas de boa fe afectados por actuacións administrativas declaradas ilegais, e que obrigan á demolición dun inmovible de maneira que o titular terá dereito a residir na súa vivenda ata que remate o procedemento de responsabilidade patrimonial e se puxese, de ser o caso, a disposición dos prexudicados a correspondente indemnización. Esta medida lígase directamente co dereito á vivenda, evitando que ninguén poida ser desposuído do uso da súa vivenda ata non ter unha alternativa habitacional.

Outra das novidades da futura Lei de vivenda será a creación dun Rexistro de Promotores de Galicia, con carácter informativo e como medida de fomento da transparencia no sector da vivenda, que posibilitará que o adquirente de vivenda coñeza perfectamente con quen trata, incluíndo as posibles sancións e resolucións xudiciais firmes que afecten os promotores

A inscrición será necesaria para todos os promotores que queiran desenvolver a súa actividade en Galicia, pero o Rexistro será meramente informativo e recollerá os datos básicos sobre a personalidade e solvencia do promotor, as obras executadas, posibles sancións administrativas, sentenzas xudiciais, entre outros.

A primeira medida posta en marcha dentro desta nova normativa tivo lugar en febreiro coa implantación da bolsa de vivendas a prezo taxado, unha fórmula pensada para facilitar o acceso ao stock de vivendas libres existente a prezos fixados e con condicións similares ás das vivendas de protección. A información sobre as vivendas que se foron incluíndo é accesible a través da web <http://igvs.xunta.es>.

Fianzas

En relación coas fianzas, introdúcese unha novidade ao regularse as fianzas dos locais e outros predios urbanos, que a Lei de 2008 non regulaba, xa que so se refería ao depósito de fianzas de vivendas. Polo tanto, o proxecto de Lei de vivenda regula o depósito de fianzas en arrendamentos de industrias ou negocios que impliquen aluguer de locais (traspasos). Con esta medida foméntase o depósito de fianzas establecendo obrigas para a entidade de intermediación inmobiliaria e posibilitando convenios cos colexios profesionais.

Desgravación de alugueiro

O proxecto de lei establece que, nos casos en que o propietario non deposite a fianza ante o IGVS, o inquilino poderá acceder á desgravación fiscal presentando como documento acreditativo a denuncia, ante o IGVS, do incumprimento da obriga por parte do propietario. En calquera caso, os arrendadores seguirán obrigados a depositar a fianza no IGVS no prazo dun mes a partir da sinatura do contrato.

Períodos de protección

Na Lei de vivenda eliminárase a confusión entre promoción pública e promoción privada do texto de 2008, de maneira que unicamente serán vivendas de promoción pública (VPP) as promovidas ou cualificadas polo IGVS.

Pola súa parte, as vivendas de protección autonómica (VPA), poderán ser promovidas por promotores públicos, por promotores privados ou por autopromotores.

Tamén se regularán os períodos de protección a que estarán sometidas as vivendas protexidas e as posibilidades de descualificación destas. Os períodos de protección establécense en función do tipo de vivenda e da zona xeográfica en que se sitúan, variando segundo a zona, entre os 15 e os 25 anos. Ademais, permite a descualificación pasada a metade do prazo e con devolución de todas as axudas. En calquera caso, para as vivendas de promoción pública ou construídas en solo de xestión pública mantense o período en 30 anos e a imposibilidade de descualificación.

Novas modalidades de vivendas protexidas de promoción pública

Outra das novidades que introduce o proxecto de lei é a clasificación de novas modalidades de vivenda de promoción pública, coa creación de tres novas categorías que non estaban recollidas na anterior Lei de vivenda:

- Vivendas de promoción pública concertada.
- Vivendas de promoción pública de inserción ou asistenciais
- Vivendas de promoción pública en copropiedade

As **vivendas de promoción pública concertada** serán vivendas construídas por promotores públicos ou privados diferentes do IGVS, pero serán cualificadas polo IGVS como de promoción pública e adxudicadas por este organismo da mesma maneira que as vivendas que promove o propio IGVS. Os adxudicatarios gozarán dos mesmos beneficios que no caso das vivendas promovidas polo IGVS. En definitiva, permite optimizar os recursos e satisfacer de inmediato as necesidades de vivenda naqueles lugares onde o IGVS non pode realizar unha actuación directa e existe demanda acreditada.

As **vivendas de promoción pública de inserción ou asistenciais** serán promovidas polo IGVS en colaboración con outras administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro para programas de carácter social. Están dirixidas a colectivos específicos como persoas maiores, mulleres vítimas da violencia de xénero ou para realoxamentos temporais.

Finalmente, regúlase a posibilidade de establecer **contratos de copropiedade** para vivendas de promoción pública, co obxectivo de incrementar as posibilidades de acceso á vivenda dos sectores con maiores dificultades. O IGVS ou calquera Administración de carácter local poderán establecer contratos de copropiedade cos adxudicatarios de vivendas de promoción pública que non poidan acceder á propiedade completa da vivenda.

Os adxudicatarios das vivendas en copropiedade terán a propiedade de polo menos o 60% da vivenda e pagarán as cotas correspondentes a esa porcentaxe. O resto será propiedade do IGVS ou da Administración titular do contrato de copropiedade. En calquera momento o adxudicatario poderá adquirir a parte do outro copropietario, facéndose coa propiedade total da vivenda. Para poder transmitir a vivenda o adxudicatario deberá ser previamente propietario da súa totalidade.

Sen dúbida, este réxime permite unha mellor adaptación ás circunstancias económicas do adquirente, que demora parte do pagamento. Esta medida de aprazamento do pagamento vai en consonancia co arrendamento con opción de compra, polo que se regula o arrendamento de vivenda con opción de compra, con apoio da Administración

pública. Deste xeito, a parte do importe das rendas xa pagadas será deducido no prezo da vivenda.

O propósito da Xunta é facilitar o acceso dos galegos á vivenda, por iso outra medida para acadar este reto é o aprazamento de pagamento cando se dean unhas circunstancias económicas que poñan en dificultade facer fronte ao pagamento da vivenda de promoción pública (enfermidade, situación por desemprego...). Pode xurdir a posibilidade de que se conceda o aprazamento de pago de cotas ou fraccionamento de pagamentos, evitando situacións de desafiuzamento.

Superficie útil da vivenda protexida

Unha das novidades que introduce o proxecto de lei é a limitación da superficie máxima das vivenda protexidas, que pasa dos 140 metros cadrados a 120 metros cadrados mantendo a superficie máxima subvencionable en 90 metros cadrados. Coa limitación da superficie máxima das vivendas protexidas acádase un dobre obxectivo: incrementar o número de vivendas por promoción, ao tempo que se por no mercado un maior número de vivendas a un menor prezo.

Rehabilitación

Regúlase o fomento das actuacións de rehabilitación, a rehabilitación illada, as áreas de rehabilitación, a rehabilitación directa do IGVS e as oficinas de rehabilitación deixando ao desenvolvemento regulamentario as características específicas de cada programa e as posibles limitacións no uso e ocupación das vivendas resultantes da rehabilitación. Neste senso, suprímese a cualificación como de vivenda protexida daquelas que sexan produto dunha rehabilitación con axudas, tal como establecía a Lei de 2008, facendo menos atractiva a rehabilitación.

Expropiación

A nova lei tamén establece obrigas para os cidadáns. A posibilidade de expropiación estará formulada na nova Lei de vivenda en tres aspectos:

- No ámbito da **vivenda de promoción pública** por non ocupación, falsidade ou dispoñer doutra vivenda protexida.
- Por motivos de **accesibilidade** prevese a expropiación de elementos privativos ou comúns dun edificio cando é necesaria a execución de obras ou implantación de instalacións para garantir a accesibilidade.
- Por motivos de **rehabilitación** prevese a expropiación de edificios de vivendas ou parte deles cando presenten condicións de deterioración grave de funcionalidade, seguridade ou habitabilidade que supoñan ruína económica da edificación ou risco grave para as persoas.

Reserva de solo

O proxecto de Lei de vivenda establece mecanismos para axustar o tipo de vivenda protexida que se constrúa no solo de reserva ao tipo efectivo de vivendas que se demande en cada concello. Así, o proxecto de lei de vivenda establece que a reserva de solo para vivenda protexida se realizará en función das porcentaxes de demanda de cada tipo de vivenda protexida (régime especial, xeral ou concertado) que se acredite en cada concello a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.

Desta maneira garantirase que o solo destinado obrigatoriamente á vivenda protexida sirva para dar satisfacción ás necesidades reais das familias galegas, mentres que polo sistema implantado na Lei de 2008 a meirande parte deste solo se destinaba exclusivamente a vivendas de réxime concertado, cando a realidade é que a meirande parte da demanda de vivenda protexida en Galicia corresponde a familias con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem), ás cales se dirixen fundamentalmente as vivendas de promoción pública e réxime especial.

Tramitación consensuada

Este proxecto de lei que hoxe aprobou o Consello da Xunta de Galicia é froito dun amplo consenso de todos aqueles sectores que teñen algo que dicir respecto da regulación do sector da vivenda, sexan promotores, construtores, técnicos, cooperativas ou consumidores, cos que se mantiveron diversas reunións co obxectivo de explicar e acordar a normativa con todos os colectivos.

Posteriormente abriuse unha fase de exposición pública na cal un total de 14 asociacións e institucións presentaron máis de 160 alegacións ao anteproxecto de Lei de vivenda. Na súa maioría estas alegacións non afectaban a filosofía xeral do anteproxecto nin presentaban reparos importantes aos temas fundamentais que supoñen o seu eixo principal. En calquera caso, unha alta porcentaxe das alegacións presentadas foron aceptadas total ou parcialmente e incorporadas ao texto.

O resultado da fase de exposición pública pode considerarse que tivo un resultado favorable e acreditou unha boa acollida do sector ao texto legal. Así mesmo, o Goberno galego valora dunha forma moi positiva o grao de participación e información facilitada, e o feito de non recibir observacións desfavorables ás liñas básicas do anteproxecto nin naqueles temas máis novos e que polo tanto poderían xerar algún tipo de oposición.

A XUNTA INICIA O PROCESO DE OCUPACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA DE BALARÉS, EN PONTECESO, CO FIN DE LICITALA EN MAIO

- *Tal e como se comprometera a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o proxecto quedou redactado en marzo*
- *O investimento da Axencia Galega de Infraestruturas para a execución desta mellora de seguridade viaria elévase a máis de 160.000 euros*
- *A rotonda estará situada no punto quilométrico 1+550 da estrada Ponteceso-Corme (AC- 424), na intersección que dá acceso á praia de Balarés*
- *Actualmente, existe unha intersección sen carrís de espera, unha ordenación que dificulta a incorporación dos vehículos, e unha curva de raio reducida, que se traduce nun risco de accidentes elevado*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que declara a utilidade pública e se dispón á urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da mellora do acceso de Balarés, no concello de Ponteceso. Trátase concretamente da intersección da estrada Ponteceso-Corme (AC-424) no punto quilométrico 1+550 coa DP-6803, na intersección que dá acceso á praia de Balarés.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente inicia o proceso de expropiación que afecta catro predios e que implica un investimento de máis de 5.000 euros. As expropiacións son necesarias para executar a glorieta de 28 metros de diámetro (diámetro mínimo que se establece na Orde circular de accesos nas estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia) e para entroncar os carrís de entrada, especialmente o ramal procedente de Corme na AC-424.

A Consellería de Medio Ambiente cumpriu o seu compromiso de rematar a redacción do proxecto de construción da rotonda de Balarés no mes de marzo, co fin de poder licitar as obras no mes de xuño deste ano. O investimento da Axencia Galega de Infraestruturas para a execución desta mellora de seguridade viaria elévase a máis de 160.000 euros (163.907).

Actualmente, existe unha intersección coa estrada provincial DP-6803 en forma de T, sen carrís de espera, polo que a incorporación dos vehículos resulta dificultosa. Ademais, existe unha curva de raio reducida, polo que o risco de accidentes é elevado. A esta situación únese á falta de visibilidade no cruzamento, deficiente dende calquera dos movementos que se realicen neste punto, xa que a intersección actual se sitúa en pleno



centro da curva de raio reducido, tal e como se aprecia na imaxe.

En resumo, desde a Consellería de Medio Ambiente considérase que a necesidade desta actuación está claramente xustificada, e beneficiará case 11.000 habitantes dos concellos de Ponteceso e Cabana de Bergantiños.

Outro inconveniente que presenta a intersección, e que fai necesaria a construción dunha glorieta, é a necesidade de que os vehículos que queiran ir a praia de Balarés desde Ponteceso deben circular ata o p.q 2 + 200 da estrada, lugar onde se habilitou un cambio de sentido que permite o desvío ao areal. Ademais, nos meses de verán, aparece un novo problema, xa que a grande afluencia de vehículos conxestiona este acceso.

Un proxecto de ordenación viaria

A Consellería de Medio Ambiente considera necesaria a construción desta glorieta neste punto da estrada Ponteceso-Corme para mellorar tanto os problemas de seguridade viaria, como os de visibilidade. As dimensións da rotonda serán similares ás mínimas que se propoñen na orde circular de accesos nas estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma da Xunta de Galicia e o deseño definitivo dependerá dos servizos afectados atopados na zona de actuación.


Así, a dimensión de raio é de 31 metros, terá dous carrís de 4 metros. Ademais, establécense as medidas máximas do lastro entre a rúa e a rotonda de 2 metros para o exterior e un metro para o interior. A construción desta infraestrutura implica despexar e rozar de máis de 1.000 metros cadrados, e a escavación de 2.000 metros cúbicos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
EGRARRODUTOS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Obras Públicas
Subdirección Xeral de Estradas

ESBOZO DE GLORIETA MÍNIMA
DE CATRO ACCESOS
ARTIGO 28.2

Figura 12



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA RÚA SAN LUCAS, NO CONCELLO DE MONDOÑEDO


- ***A Consellería de Medio Ambiente cede esta vía, que suma un quilómetro, da estrada LU-130 á Administración local, entidade que se encargará de mantela a partir da entrega, que será oficial dous meses despois da súa publicación no DOG***
- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a cesión deste tramo se formalizará porque se a vía adquiriu as características de treito urbano***
- ***Con este cambio beneficiaranse os máis de 5.000 veciños desta vila e a súa área de influencia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade da rúa San Lucas, un tramo da estrada secundaria e autonómica rolda de Mondoñedo (LU-130) a prol do Concello de Mondoñedo. O tramo, que ten unha lonxitude total de algo máis dun quilómetro, pertence á rede secundaria de estradas da Xunta de Galicia e con este cambio beneficiaranse os máis de 5.000 veciños desta vila e a súa área de influencia.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas decide formalizar este traspaso porque a vía adquiriu nestes puntos características de treito urbano. Para iso, a Axencia Galega de Infraestruturas estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes sobre a transferencia da titularidade.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. O Concello de Mondoñedo, a partir da formalización da entrega, será o responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén se ocupará do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Este expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aproben por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.



A XUNTA PON EN MARCHA A FLEXIBILIDADE HORARIA E O TELETRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS NO MARCO DO PROXECTO 'KRONOS'

- ***Inicia un proxecto piloto destas dúas modalidades co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral dos empregados públicos***
- ***Preto de 3.000 empregados públicos xa fan uso da tarxeta que os acredita dixitalmente***

O Consello da Xunta aprobou no día de hoxe a posta en marcha dun proxecto piloto da flexibilidade horaria e do teletraballo dos empregados públicos no marco do Proxecto Kronos, co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos empregados da Administración autónoma galega.

Este proxecto piloto, dará comezo nos servizos centrais da Asesoría Xurídica Xeral de Xunta e terá unha duración de tres meses. No caso da flexibilidade horaria, os empregados públicos poderán beneficiarse dun horario flexible que constará de dúas partes, unha fixa de 9,00 a 14,00 horas, e outra variable, na cal o tempo da xornada laboral non cumprido no horario fixo deberá completarse entre as 7,00 e as 9,00 horas, e entre as 14,00 e as 20,00 horas.

En canto ao teletraballo, o número máximo de xornadas que se poden desenvolver nesta modalidade será de dúas á semana. Durante a xornada dedicada ao teletraballo, no tempo coincidente co horario dos traballadores da Xunta de Galicia, o teletraballador debe estar dispoñible, tendo activado en todo momento o correo corporativo e o teléfono móbil que indique.

No tempo de teletraballo o empregado público desempeñará as mesmas funcións que no seu posto de traballo habitual, salvo as ligadas á presenza física nas dependencias administrativas. En todo caso, durante a xornada de teletraballo, poderase requirir a presenza do teletraballador nas dependencias administrativas, se así é preciso polas necesidades do servizo.

O acordo aprobado hoxe determina que será incompatible simultanear o teletraballo e a flexibilidade horaria. En ningún caso, o teletraballo ou a flexibilidade horaria poderán supor un incumprimento da xornada laboral semanal dos empregados públicos, marcada por lei en 37,5 horas semanais.

A Dirección Xeral de Avaliación Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), órganos dos que depende a posta en marcha deste proxecto piloto, avaliarán o proxecto para a súa validación e extensión ao resto do persoal da Administración.

A flexibilidade horaria, xa se está a desenvolver nun bo número de Estados membros da Unión Europea, contribúe a unha mellor organización do traballo, mellorando así a calidade do servizo e facilitando a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos traballadores.

Proxecto Kronos

Un total de 3.000 empregados públicos da Administración autonómica e da Xustiza en Galicia xa fan uso da tarxeta intelixente que os acredita dixitalmente, regula o control horario e abre a porta á futura regulación da flexibilidade horaria e o teletraballo, no marco do Proxecto Kronos, posto en marcha en abril do ano pasado.

O total de persoal acreditado ata o momento ascende a 2.845 profesionais, dos cales 1.413 pertencen á Administración xeral, dos seguintes departamentos: Consellería de Economía e Industria, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Consellería de Presidencia, Asesoría Xurídica, Consellería de Facenda, Consellería do Mar e Medio Rural e Consellería de Traballo, ademais de 1.432 profesionais da Administración de xustiza.

A AXEGA COLABORARÁ COS FERROCARRÍS ESPAÑOIS DE VÍA ESTREITA EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIDADÁ

- ***O Consello aprobou un acordo entre o 112 e Feve para axilizar o intercambio de información entre ambos os entes e actuar de xeito máis eficiente ante as posibles afeccións que poñan en risco aos usuarios, mercadorías e o ambiente***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e Ferrocarrís Españois de Vía Estreita (Feve) en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

A finalidade do acordo é axilizar o intercambio de información establecendo procedementos de comunicación bilateral, información recíproca e protocolos de actuación conxunta entre o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, da Axega, e o Posto de Mando dos Ferrocarrís Españois de Vía Estreita (Feve) para Asturias e Galicia.

Así, o texto establece os procedementos de comunicación bilateral e protocolos de actuación conxunta, de xeito que ambas as entidades estean informadas das posibles emerxencias ou urxencias que se poidan producir nas instalacións ferroviarias e bens dependentes ou explotados por Feve e relacionados coa súa actividade.

O que se busca é unha actuación máis eficiente ante as posibles afeccións que poñan en risco os usuarios, mercadorías e toda clase de bens que puidesen ser afectados por unha emerxencia ou nos cales estean implicados produtos químicos ou substancias susceptibles de orixinar afeccións ambientais durante o seu transporte pola Comunidade galega; e que exixan a intervención de servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil e extinción de incendios e salvamento.

Con este obxectivo, a Axega informará a Feve sobre os accidentes e incidentes que poidan afectar as persoas, bens e instalacións e outras infraestruturas ferroviarias dependentes ou explotados polo ente en Galicia. Así mesmo, comprométese tamén a enviarlle informes de predición meteorolóxica adversa elaborados por Meteogalicia e a Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet), así como as alertas que se declaren no territorio de Galicia.

Pola súa banda, Feve porá en coñecemento do 112, coa máxima prioridade posible, os incidentes ou accidentes relacionados coa explotación das súas liñas férreas e aquelas outras emerxencias que afecten o transporte de mercadorías perigosas por vía férrea e poidan ter repercusión pública relevante. Ademais, o acordo establece que ambas as dúas partes intercambiarán reciprocamente información cartográfica e datos do catálogo de medios e recursos dispoñibles para atender emerxencias.

As comunicacións entre o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e Ferrocarrís Españóis de Vía Estreita realizaranse as 24 horas durante os 365 días do ano e serán efectuadas polos interlocutores designados para tal efecto.

Neste sentido, o acordo desta mañá incorpora un anexo en que se establece un protocolo de comunicación, información recíproca e actuación coordinada e que abrangue actuacións que van desde o descarrilamento ou colisión dun tren ao atropelo de vehículos, persoas e animais, riscos naturais (inundacións, correntamentos de terras, temporais de ventos, etc.); lumes forestais; explosións; ameazas de bombas ou requirimentos de asistencia sanitaria urxente de carácter grave, entre outras.

Por último, o acordo aprobado esta mañá tamén recolle que o 112 e Feve intercambiarán visitas ás súas instalacións e acordarán as accións formativas necesarias para o coñecemento destas; co propósito de que os membros dos servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento e o propio Feve obteñan a máxima eficiencia na coordinación, colaboración e cooperación establecidas no acordo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A PRIMEIRA OBRA PARA A RECUPERACIÓN DO NÚCLEO DE RINLO, NO CONCELLO DE RIBADEO

- *Trátase da urbanización e mellora do parque de Santa Catalina, que implica un investimento de máis de 140.000 euros*
- *Na actualidade esta zona dispón dunha área infantil no centro, unha superficie para o estacionamento e unha vía perimetral, unha situación que resulta incluso perigoso para os nenos*
- *Esta actuación, recollida no Plan Hurbe, vai encamiñada a dar unha imaxe de praza a este espazo e convertela nun lugar de reunión e uso para espaxamento dos residentes en condicións de seguridade axeitadas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Rinlo para a execución da obra de urbanización e mellora do parque de Santa Catalina, unha actuación que se orzamenta en máis de 140.000 euros. Deste xeito, a Xunta activa a primeira das obras para a recuperación do núcleo de Rinlo, que implica un investimento de 1,2 millóns de euros.

Na actualidade, este parque dispón dunha área infantil no centro, unha superficie para o estacionamento e unha vía perimetral, unha situación que resulta incluso perigosa para os nenos. A proposta da Consellería é eliminar o estacionamento, manter o parque e permitir o paso de vehículos, pavimentando e colocando mobiliario urbano.

As características actuais non permiten o uso que este espazo podería proporcionar á vida cotiá. De feito a imaxe que achega hoxe en día é moi deficiente, tanto no que se refire ao seu deseño como aos materiais, acabados e conservación.

Así pois, a actuación vai encamiñada a dar unha imaxe de praza a este espazo e convertela nun lugar de reunión e uso para espaxamento dos residentes en condicións de seguridade axeitadas.

Non obstante, no deseño da praza tratará de recuperarse a traza da antiga igrexa, mediante bancos e pavimento, de xeito que ese espazo central estea ocupado polos xogos infantís. Tamén será necesario renovar e redimensionar as instalacións dos servizos urbanísticos e axeitalos ás normativas técnicas que sexan de aplicación. Os traballos de urbanización rematarán e completaranse coa plantación de árbores e a implantación de mobiliario urbano axeitado ao contorno.

Desde a Consellería de Medio Ambiente tamén se recoñece que se debe fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e recuperar os espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado

desenvolvemento urbanístico e contribuír ao reequilibrio territorial fixando a poboación no medio rural mediante a mellora da calidade de vida nestes contornos, de xeito que se lles proporcione aos usuarios unha maior comodidade, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos e fomentando as relacións dos cidadáns na procura dun desenvolvemento harmónico.

Obrigas das partes

A sinatura do convenio de colaboración que hoxe aproba o Consello da Xunta implica para a Consellería de Medio Ambiente a obriga e necesidade de actuar nun espazo de uso público para recuperalo, en condicións axeitadas de seguridade e poñer en valor as potencialidades para uso e desfrute da cidadanía. Para estes fin achegará máis de 140.000 euros.

Por outra banda, a Administración local deberá redactar o proxecto técnico das obras, obter os permisos, licenzas e autorizacións e levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras.

Plan Director

A Xunta de Galicia desenvolverá cun investimento de 1,2 millóns de euros, o Plan Director de Rinlo, cuxa primeira actuación será o acondicionamento do parque de Santa Catalina. Trátase dunha iniciativa enmarcada no Plan Hurbe que ten como obxectivo revitalizar esta zona costeira de Ribadeo, mellorando a súa imaxe mediante o acondicionamento de equipamentos, rede viaria ou vivenda. A consecución dunha mellor imaxe redundará no incremento das visitas turísticas, potenciando así o desenvolvemento económico e social desta localidade.

En relación á edificación, apostarase por conservar a imaxe tradicional do conxunto, manter os inmobles de interese, rehabilitar construcións en ruína ou reducir a porcentaxe de vivendas baleiras. O plan fai fincapé en non permitir o abandono nin a demolición de muros tradicionais, así como en revestir de pedra os muros existentes de bloque.

A rede viaria tamén é un punto fundamental neste plan, polo que se pretende desconxestionar e racionalizar o tráfico. Proponse un sentido único na vía principal do núcleo e da ponte, a peonalización parcial, a potenciación dunha vía que actúe de circunvalación do centro ou a mellora do estacionamento. No núcleo de Rinlo existen rúas en mal estado e con materiais discordantes, motivo polo que se prevé cambiar o asfalto por pedra ou renovar as instalacións e mobiliario destas.

O Goberno galego é consciente de que as praias de Ribadeo significan un importante reclamo turístico que como xa se explicou redanda no desenvolvemento económico e social desta zona da Mariña Lucense. Deste xeito, o Plan Director prevé a potenciación da ruta turística Praia das Catedrais-Rinlo-Ribadeo, xa que actualmente a maioría dos

turistas non fan paradas en Rinlo, así como a mellora de acceso aos areais. Outras actuacións recollidas no plan son a renovación do pavimento e mobiliario urbano.

Recoñecido no Plan do Litoral

O Plan de Ordenación do Litoral recolle a localidade lucense de Rinlo como un núcleo de identidade do litoral (NIL), unha figura que pon de manifesto a necesidade de conservar as agrupacións tradicionais da costa galega. En total o POL caracterizou 170 núcleos ao longo do litoral como NIL, por responder a asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro e nas rías lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento especial.

CULTURA E EDUCACIÓN TRANSFIRE MÁIS DE 455.000 EUROS ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA IMPULSAR A SÚA MODERNIZACIÓN CONSONTE O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

- *As liñas prioritarias de actuación para estas achegas establecidas pola Consellería constitúen unha nova aposta pola calidade e variedade da oferta de titulacións*
- *Favorécese ademais o deseño de sistemas de orientación e apoio aos futuros estudantes, aos de novo ingreso e ao alumnado con discapacidades*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria transferirá máis de 455.000 euros ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) – Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo- para impulsar a súa modernización, no marco das achegas concedidas polo Ministerio de Educación para a adaptación das institucións universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, dando así o seu visto e prace ás liñas prioritarias de actuación establecidas polo departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad, ás cales as universidades deberán destinar cadansúa achega.

As axudas distribuíronse entre as tres universidades do SUG segundo os criterios indicados polo Ministerio, como o número de estudantes matriculados en grao e máster, o volume de persoal docente e investigador e o do persoal de administración e servizos.

Así mesmo, valorouse a contribución ao Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), tendo en conta o volume de ficheiros que se enviaron e incorporaron ao sistema.

Actuacións

A Consellería estableceu que as actuacións que se realicen ao abeiro deste acordo deberán ter como obxectivos que as universidades galegas adopten as medidas conducentes ao avance na súa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), a favorecer a transparencia e a rendición de contas a través do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) e para a implantación da contabilidade analítica.

Desta forma, e coa achega que lle corresponda a cada unha delas, as universidades deberán desenvolver actividades orientadas a liñas prioritarias de actuación, como o deseño de sistemas de información previa á matriculación de futuras alumnas e alumnos, procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso, e sistemas de apoio e orientación do alumnado con discapacidade.

Así mesmo, a achega poderá destinarse ao deseño dun sistema propio das universidades para transferencia e recoñecemento de créditos, de traballos de fin de grao ou máster e a súa avaliación, e de prácticas externas e a súa avaliación.

Un sistema universitario equilibrado

Ademais, e co fin de continuar na liña de traballo do Decreto polo que se regulan os requisitos para a autorización de titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento no SUG, entre as liñas prioritarias prevese a elaboración e análise de indicadores de gradación, abandono e eficiencia das actuais titulacións - co obxectivo de establecer valores estimados para os novos plans de estudo-, así como o deseño de sistemas de garantía de calidade aplicable á titulación.

Neste sentido, a Consellería aposta de novo pola construción dun sistema universitario galego conformado por unha ampla e variada oferta de titulacións, evitando as duplicidades e na procura da máxima calidade das ensinanzas impartidas nas nosas universidades.

A SOLVENCIA FINANCEIRA DA XUNTA PERMITE NON TER QUE ACUDIR AO FONDO ESTATAL DESTINADO A PAGAR AOS PROVEDORES

- *A Administración autonómica está pagando por debaixo de 50 días de media e en tempos inferiores a 40 días as facturas correspondentes a 2012*
- *Galicia é a comunidade autónoma que mellor se está a financiar no mercado e xa colocou un terzo das súas necesidades para este ano*
- *O Goberno galego valora un instrumento ben deseñado e oportuno pero non ten dificultades de financiamento que xustifiquen o seu uso*

A solvencia financeira da Xunta de Galicia permitiu que esta autonomía fose a única Comunidade Autónoma de réxime xeral de financiamento que non necesite acudir a liña de pago aberta polo goberno central, para afrontar os pagamentos aos provedores. A fortaleza financeira en que se atopa a comunidade facilita non ten que facer uso deste mecanismo especial.

O Executivo autonómico tiña de prazo ata o 1 de abril para acollerse a esta opción formulada ás comunidades autónomas no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF). Non obstante, valora esta liña do Estado porque é un instrumento ben deseñado, que facilita liquidez ás autonomías e permitirá que outras comunidades afronten pagamentos que sen este instrumento terían moi complicados.

De feito, o Goberno galego está a atender os seus compromisos de pagamentos nestes momentos nunha media que se sitúa por debaixo dos 50 días, tempo que é inferior aos 40 días no caso de facturas correspondentes ao presente exercicio, co que está en condicións de dar cumprimento ao prazo fixado na Lei de morosidade.

Galicia é unha das comunidades que está rexistrando unha maior demanda por parte dos investidores de débeda pública, que ven a esta autonomía con vantaxes comparativas respecto a outros territorios, o que lle permite financiarse con normalidade nun momento de grandes dificultades para formalizar operacións.

A Comunidade galega xa colocou, a estas alturas de ano, un terzo do seu programa de débeda, o 32,4%, sendo a autonomía máis dinámica neste concepto e a única que realizou operacións por prazo superior a cinco anos. A totalidade destas colocacións formalizáronse ante investidores institucionais, sen recorrer a retallistas, e en condicións que respectan os principios de prudencia financeira recomendados polo Tesouro do Estado.

Tamén foi a única comunidades autónoma que a finais de 2011 executara en tempo e forma e na súa totalidade o programa de endebedamento corresponde ao pasado exercicio, formalizado integramente en instrumentos a medio e longo prazo, sen manter saldos financeiros de curto prazo.

O feito de que esta autonomía foi pioneira e marcou o camiño para outras comunidades e mesmo para o Estado permítelle manter, nun complicado contexto económico como o actual, unha situación financeira e orzamentaria das mellores de España.

Grazas á política levada a cabo polo Executivo autonómico ao longo desta lexislatura, Galicia é hoxe unha comunidade solvente, fiable e que garante os servizos públicos. A sostibilidade das finanzas da comunidade constitúe un obxectivo irrenunciábel deste goberno e a estabilidade orzamentaria é un instrumento esencial para garantir o mantemento do Estado do benestar.

TAN SÓ AO REDOR DO 15% DAS URXENCIAS ATENDIDAS AO LONGO DO PASADO ANO NOS HOSPITAIS DO SERGAS REQUIRIRON INGRESO

- ***Así se recolle no Informe anual de seguimento da actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde referido ao ano 2011***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijoo abordou un informe da Consellería de Sanidade referido á actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde durante o ano 2011, no cal se describen e analizan os principais macroindicadores de actividade e rendemento asistencial nas distintas áreas de produción do Sergas.

Deste informe despréndese que a actividade global en atención primaria foi de 25 millóns de consultas, un 2,5% menos que o ano 2010. Cómpre sinalar que grazas á dispoñibilidade das ferramentas electrónicas -uso da historia clínica electrónica e a receita electrónica-, diminuíron nun 7,4% o número de consultas médicas anuais en centros de saúde, situándose en 13,8 millóns, polo que os profesionais poden dedicar máis tempo á atención aos pacientes.

A porcentaxe de consultas de primaria que derivaron aos centros hospitalarios en 2011 foi do 9,12%, cifra tamén similar ao 2010.

Polo que se refire á actividade global en consultas externas de atención hospitalaria, realizáronse 4 millóns, das cales 1,2 millóns foron primeiras consultas. O número de cidadáns pendentes dunha primeira consulta eran, en 31 de decembro do pasado ano, 184.984, case que 25.000 menos que na mesma data de 2010. A espera media foi de 65,8 días, cando en 2010 era de 66,4.

Respecto das rutas de acceso rápido para pacientes con alta sospeita de patoloxía oncolóxica (vías rápidas): mama, pulmón, colorrectal, próstata, larinxe e vexiga, a espera media foi inferior aos 12 días.

Urxencias atendidas

O número de urxencias atendidas no 2011 nos puntos de atención continuada situouse ao redor dos 2 millóns, das cales ao redor do 6,7% necesitou derivación a un hospital. Polo que se refire ao número de urxencias hospitalarias, foron un millón (-1,7% respecto de 2010), o que vén dar unha cifra de 2.750 urxencias por día. Desas urxencias, ao redor do 15% requiriron ingreso.

No que atinxe á hospitalización, o número de episodios do ano 2011 acadou a cifra de 225.000. A estadía media situouse en 8,67 días, mentres que no 2010 fora de 9 días. A media diaria de camas en funcionamento nos hospitais do Sergas foi de 6.826, e a media diaria de camas ocupadas de 5.300.

Respecto da actividade cirúrxica, o número total de operacións realizadas nos hospitais do Sergas foi de 174.000, fronte ás 166.000 de 2010. Desas intervencións realizadas en 2011, o 80% eran programadas e o 20% urxentes. O rendemento cirúrxico acadou no 2011 o 74,13%, fronte ao 73,11% de 2010.

Polo que atinxe ao número de intervencións en atención primaria, foi de 16.710, fronte ás 15.353 de 2010.

Xestión por prioridades clínicas

A Estratexia Sergas 2014 centra o foco na actuación sobre as demoras daqueles pacientes con patoloxías que clínicamente requiren de priorización. Así, acadáronse substanciais reducións das demoras cirúrxicas en prioridades 1 e 2, e no ámbito das consultas externas. Ademais, dende unha perspectiva de integración entre niveis asistenciais, implantáronse as vías rápidas, fundamentalmente no ámbito da patoloxía oncolóxica de maior prevalencia.

A espera media para prioridade 1, patoloxías máis urxentes, foi de 16 días, fronte aos 21 de 2010. A espera media en prioridade 2 foi de 58,6 días, fronte aos 60,2 de 2010.

Prestación farmacéutica e IANUS

No que atinxe á prestación farmacéutica, o número de receitas expendidas no 2011 foi de 67 millóns, un 2,2% máis que en 2010. Delas o 33% eran de xenéricos, un 73% máis que no 2010. O gasto en receitas acadou a cifra de 829 millóns, un 11% menos que en 2010. Respecto do gasto en dispensación hospitalaria, foi de 306 millóns de euros, un 0,18 máis que en 2010.

Outro punto destacado do informe hoxe abordado no Consello da Xunta foi o referido á utilización da historia clínica electrónica (IANUS). A aposta pola modernización dos recursos asistenciais foi especialmente activa no que á historia clínica electrónica respecta. IANUS constitúe o auténtico esqueleto en que se artella toda a actividade asistencial no Sergas, poñendo á disposición dos profesionais unha ferramenta que permite acceder á información clínica sexa cal sexa o punto en que se leve a cabo a atención. Os profesionais asumiron o reto como propio, como queda reflectido nas altísimas cotas de utilización nos distintos ámbitos asistenciais, e que, sen dúbida, seguirán ampliando no futuro.

Así, a dita utilización xa supera o 95% en hospitalización, cando en 2010 era do 84%. En atención primaria a utilización de IANUS pasou do 85% de 2010 a máis do 88% actual. En consultas hospitalarias o incremento foi moito máis grande, pois pasou dun 47% de utilización en 2010 a máis do 82% actual. Por último, a prescrición electrónica pasou do 77% de 2010 ao 92% actual.

O CUMPRIMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA SANITARIA DE AUGAS DE CONSUMO HUMANO DURANTE O ANO 2011 FOI SATISFACTORIO

- *As analíticas de vixilancia sanitaria deron como resultado que o 95,53% se corresponde cunha cualificación de auga apta para o consumo, fronte ao 93,81% rexistrado durante o 2010*
- *O obxectivo de cara aos vindeiros exercicios é continuar mellorando a calidade dos abastecementos e da auga para o consumo humano*

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade executa o Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa Comunidade desde hai varias décadas. O desenvolvemento deste programa durante o ano 2011 foi satisfactorio, tal e como informou a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, na reunión do Consello da Xunta desta mañá.

O obxectivo de cara aos vindeiros anos é seguir realizando actuacións para diminuír os abastecementos con prioridade alta e aumentar os de prioridade baixa e consecuentemente mellorar a calidade dos abastecementos e da auga do consumo humano.

Os abastecementos clasifícanse en prioridade alta, media ou baixa en función de diversos factores (poboación abastecida, calidade da auga ou posibles perigos diagnosticados asociados a un abastecemento, entre outros).

Resultados do programa

Das 585 zonas de abastecemento censadas dentro do Programa de vixilancia durante 2011 realizáronse, segundo a frecuencia determinada pola súa prioridade, 286 inspeccións sanitarias, 1.770 analíticas de vixilancia sanitaria e 4.172 determinacións de cloro residual libre. Destas 585 zonas de abastecemento, o 45,47% son abastecementos de prioridade baixa, mentres que o 46,66% son abastecementos de prioridade media e o 7,86% correspóndese cos de prioridade alta.

As analíticas de vixilancia sanitaria deron como resultado que o 95,53% (mellorando o 93,81% do ano 2010) se corresponde cunha cualificación de auga apta para o consumo, mentres que o 4,47% -fronte ao 6,19% do pasado exercicio- se corresponde cunha cualificación de auga non apta para o consumo.

En canto ás determinacións de cloro libre residual, obtívose que o 82,23% do total das determinacións foi conforme coa lexislación vixente. Dentro das non conformidades, o 17,77% do total das determinacións foron non conformes coa lexislación vixente.

En xeral, pódese concluír que o grao de cumprimento do Programa galego de vixilancia sanitaria das augas de consumo humano durante o pasado ano foi satisfactorio. A comparación do programa durante o 2011 fronte ao 2010 tamén reflicte a melloría dun 1,72% da cualificación de auga apta para o consumo humano, e a melloría dun 0,81% nas determinacións de cloro conformes coa lexislación.

En comparación cos resultados do ano 2010 tamén se reflicte un aumento das análíticas realizadas, aumento das inspeccións sanitarias aos abastecementos e diminución de determinacións de cloro.

Funcionamento

O sistema de vixilancia que se establece dentro deste programa está orientado a identificar e valorar os factores que poidan presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano, co fin de poder xestionalos para diminuír o risco de enfermidade asociada ao consumo de auga. Para a implantación deste sistema de vixilancia realízase a clasificación dos abastecementos (prioridade alta, media baixa) sobre a base das súas características, para poder dar prioridade ás actuacións, optimizando a súa efectividade e garantindo a eficiencia.

As actuacións dentro do programa establécense nunha dobre vía, por unha parte, a inspección sanitaria dos abastecementos (que inclúe unha inspección documental e estrutural do abastecemento, xunto coa recollida de mostras de auga), e, por outra parte, a vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos, coa determinación do cloro libre residual e a realización de análíticas de mostras de auga. A frecuencia da inspección e da determinación analítica establécese pola prioridade que ten cada una dos abastecementos.

A actuación ante os incumprimentos consiste na comunicación por parte da xefatura territorial da Xunta ao concello e/ou xestor do incumprimento para que adopte as medidas correctoras precisas e confirme o incumprimento. Desde a xefatura territorial ademais realizarase o seguimento e tomará as medidas que considere necesarias para salvagardar a saúde dos usuarios, así como a adopción doutras medidas por incumprimento da normativa sanitaria vixente.